

Circular: 18/2004	Data: 4/6/2004
--------------------------	-----------------------

Asunto: Aboamento das gardas deixadas de percibir polo persoal facultativo especialista de atención especializada en caso de incapacidade temporal, maternidade ou risco por embarazo.

Orixe: División de Recursos Humanos.

Ámbito: Xerencias dos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

ABOAMENTO DAS GARDAS DEIXADAS DE PERCIBIR POLO PERSOAL FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA EN CASO DE INCAPACIDADE TEMPORAL, MATERNIDADE OU RISCO POR EMBARAZO.

Con data 2 de xuño de 1995, a Administración Sanitaria de Galicia e a Confederación Estatal de Sindicatos Médicos –Delegación Autonómica Galega (CEMS-Galicia)- subscribiron un Acordo sobre aspectos retributivos e demais condicións de traballo do persoal facultativo especialista de atención especializada, polo que a Administración sanitaria se comprometía a estudar fórmulas alternativas que garantisen con carácter xeral a percepción, en caso de incapacidade temporal, do promedio de gardas que viñese realizando habitualmente o profesional, coa finalidade de paliar-la perda de ingresos que os procesos de baixa por enfermidade, accidentes ou maternidades, determinaban sobre as súas retribucións.

En cumprimento desta previsión, o SERGAS subscribiu sucesivas pólizas de seguros mediante os mecanismos de adxudicación establecidos pola normativa vixente en materia de contratación administrativa.

A experiencia acumulada nestes anos evidencia a necesidade de asumir a xestión directa desta prestación por parte do SERGAS, toda vez que o mercado asegurador vén mantendo un encarecemento progresivo da

CIRCULAR 18/04

cobertura, ao mesmo tempo que un incremento das exencións e requisitos para o acceso á prestación.

Para os efectos de unifica-los procedementos e criterios de actuación polos distintos centros afectados, emítense as presentes

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRA.- OBXECTO.

As presentes instruccións teñen por obxecto regula-lo procedemento de aboamento das gardas médicas deixadas de realizar polo persoal facultativo especialista de atención especializada, como consecuencia dos procesos de incapacidade temporal (IT), de maternidade e de risco por embarazo que lles afecten.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes instrucción serán de aplicación ao persoal que reúna a totalidade dos seguintes requisitos:

- a) Persoal estatutario facultativo de atención especializada do SERGAS que se retribúe polo Real decreto-lei 3/1987 de 11 de setembro.
- b) Que se manteña en situación de servizo activo e prestando servizos profesionais retribuídos por conta do SERGAS.
- c) Que manteña vinculación fixa ou temporal de carácter estrutural.
- d) Que teñan atribuída ordinariamente a prestación de atención continuada de presenza física e/ou localizada.

Para estes efectos entenderase por vínculo temporal de carácter estrutural aquel que ten incidencia no cadro de persoal de cada centro, segundo se establece na Circular 13/2004, do 5 de maio da División de Recursos Humanos do SERGAS.

Consecuentemente aplicaranse as presentes Instruccións aos seguintes vínculos temporais:

CIRCULAR 18/04

- a) Interinidade en praza vacante.
- b) Nomeamento provisorio.
- c) Servizos determinados.
- d) Substitucións de persoal en situación administrativa diferente á de activo na súa praza ou que deixe de percibir remuneracións con cargo á mesma. No caso de substitucións de persoal en permisos ou licencias sen soldo, aplicaranse as presentes instrucións unicamente cando dito permiso teña duración superior a tres meses.

Ademais, do persoal que se menciona nos apartados anteriores aplicaranse as presentes instrucións en caso de vinculacións por substitucións de persoal con licencia para actividades sindicais a tempo total (liberados sindicais).

TERCEIRA.- EXCLUSIÓNS.

En aplicación do que se establece na Instrucción anterior, exclúese do ámbito de aplicación da presente circular os seguintes supostos:

- Vinculación por circunstancias excepcionais ou de natureza conxuntural.
- Nomeamentos específicos para a realización de gardas médicas.
- Vinculacións de substitución por licencias e permisos, tales como vacacións, enfermidade, maternidade, días de libres disposición, circunstancias de orde familiar, asistencia a cursos, congresos ou exames, e calquera outros que lle sexan recoñecidos ao persoal, salvo os que teñan incidencia no cadro de persoal, segundo os criterios da instrucción anterior.
- Vinculación por permisos sen soldo inferior ou igual a tres meses.

CUARTA.- CAUSAS DE PERCEPCIÓN.

Os profesionais incluídos no ámbito de aplicación das presentes Instrucións, devengarán o dereito a percibi-los importes das gardas non realizadas por causa de calquera dos seguintes motivos:

- a) Baixa por incapacidade temporal, como consecuencia de accidentes ou enfermidades comúns ou profesionais que se produzan en calquera lugar do mundo.

CIRCULAR 18/04

- b) Baixa por maternidade.
- c) Baixa de risco por embarazo.

QUINTA.- IMPORTE.

O importe diario a percibir será o resultante de aplica-los respectivos prezos das horas de gardas médicas ao promedio diario de gardas, tanto de presenza física como localizadas, que se realizaran nos seguintes períodos inmediatamente anteriores ao mes en que se produza o feito causante:

- Baixas por IT.....6 meses.
- Baixas por maternidade.....1 ano.
- Risco por embarazo.....1 ano.

Para o cómputo destes períodos non se terán en conta as vacacións que se gozaran durante os mesmos.

No suposto que non se completase un período de seis meses ininterrompidos de prestación de servizos, inmediatamente anteriores ao mes no que se produza o feito causante, aplicarase o correspondente prorrateo.

SEXTA.- DEVENGO E DURACIÓN.

- 1.- a) Nos casos de baixa por accidente ou enfermidade común, o dereito a percibi-lo subsidio que se regula nestas Instrucións devengarase a partir do 31 día natural seguinte a aquel no que se iniciou a baixa, establecéndose así un período de franquicia polos trinta primeiros días da IT.
- b) En caso de baixa por accidente ou enfermidade profesional, o subsidio devengarase a partir do día seguinte ao da baixa.

En ámbolos casos anteriores, o subsidio percibirase durante o tempo que se permaneza de baixa, con un límite máximo de 18 meses dende o seu inicio.

Igualmente, e sen prexuízo do límite anterior, tamén finalizará o dereito ao subsidio cando se aboe o importe que, segundo a proporción entre as gardas de presenza e de localización que se tivera en conta para o cálculo da indemnización, equivalla a 73 gardas.

CIRCULAR 18/04

2.- No caso de baixa por maternidade ou de risco por embarazo, o dereito devengarase a partir do día que sexa efectiva a baixa e durante toda a súa duración.

Tamén se extinguirá o subsidio, independentemente de cal sexa o feito causante, cando se produza a declaración dunha invalidez que incapacite ao interesado para o seu traballo habitual ou cando pase a calquera situación administrativa que conleve a baixa no servizo activo ou que supoña que deixa de prestar gardas con carácter regular.

Os importes percibidos polo subsidio nunca poderán ser superiores aos ingresos que corresponderían ao profesional estando en activo.

SÉTIMA.- ABOAMENTO.

O aboamento do subsidio efectuarase polos respectivos centros de xestión aos profesionais que teñan recoñecida a súa percepción por resolución previa e expresa da División de Recursos Humanos do SERGAS.

Este aboamento efectuarase en concepto de Acción Social, e imputarase ao concepto 162.09 dos respectivos orzamentos de gastos, con aplicación das retencións de carácter fiscal que se deriven da normativa vixente en cada momento.

OITAVA.- TRAMITACIÓN.

1. Previamente ao aboamento do subsidio, os centros de xestión, remitiranlle á División de Recursos Humanos do SERGAS a solicitude de autorización que se xunta como anexo á presente circular.

2. Unha vez recibidas as solicitudes, e logo das comprobacións que se consideren pertinentes, a División de Recursos Humanos resolverá motivadamente sobre a súa procedencia, notificando esta resolución aos respectivos centros de gasto.

As resolucións estimatorias fixarán, no seu caso, a contía diaria do subsidio, así como os períodos e importes máximos da súa percepción.

3. A División de Recursos Humanos do SERGAS transferirá con carácter trimestral aos centros de gasto os créditos que correspondan para afrontar os incrementos de gasto que se deriven do aboamento desta prestación, tramitando as oportunas modificacións presupostarias.

NOVENA.- VIXENCIA.

A presente circular producirá efectos a partir da data da súa sinatura, para os procesos de IT ou maternidade que se inicien a partir da mencionada data.

Os subsidios correspondentes a procesos iniciados anteriormente á devandita data, serán tramitados de oficio pola División de Recursos Humanos do SERGAS, comunicando a cada centro os importes que corresponda aboar aos profesionais e habilitando os créditos correspondentes.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2004

**O DIRECTOR XERAL
DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS
DO SERGAS,**

Asdo.: José Ignacio Lema Piñeiro

CIRCULAR 18/04

MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA ABOAMENTO DO SUBSIDIO POR GARDAS MÉDICAS

Pola presente solicítase autorización para o abono do subsidio de gardas médicas que se regula na Circular 18/2004, de 4 de xuño de 2004, da División de Recursos Humanos do SERGAS, nos seguintes termos:

BENEFICIARIO/A:

APELIDOS : _____ NOME: _____
NIF: _____ CATEGORÍA: _____ VINCULO _____
CENTRO: _____

FEITO CAUSANTE

CAUSA DA BAIXA: <input type="checkbox"/> IT Común <input type="checkbox"/> IT Accte Trab. <input type="checkbox"/> IT Enf. Prof. <input type="checkbox"/> Maternidade <input type="checkbox"/> Risco Emb.
DATA BAIXA _____ DATA ALTA _____

GARDAS REALIZADAS DURANTE OS 6 MESES (OU 1 ANO) ANTERIORES AO DA BAIXA:

Presencia Física: N° Gardas: _____ N° Horas: _____
Localizadas: N° Gardas: _____ N° Horas: _____

Data:

O Director de Xestión e Servizos Xerais./O director Recursos Humanos

Asdo.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO SERGAS.

CIRCULAR 18/04